

[GAL]

Curtocircuíto cumpre quince anos conxugando celebracións e vangarda

Curtocircuíto - Festival Internacional de Cine cumpre este 2018 quince anos, e faino mantendo o seu espírito explorador sen esquecerse das ben merecidas celebracións. Deste xeito, mantense a **procura de novas formas e linguaxes cinematográficas no cinema mundial** ao tempo que a programación inclúe seccións que xuntan o **espírito vangardista** co festivo e enfatizan o **vínculo do festival coa cidade**.

O lado máis internacional de Curtocircuíto déixase ver especialmente nos diferentes focos e na sección oficial. As retrospectivas achegarán a Santiago a cineastas co **risco como característica común**. Así, pasarán pola cidade **Ulrich Seidl**, o gran retratista da moral occidental; **Bertrand Mandico** coa súa actriz fetiche **Elina Löwensohn**, responsables dun dos universos estéticos máis excéntricos do cinema recente; tamén as ficcións e documentais de **Roberto Minervini** sobre a América profunda; e máis a sensibilidade e a busca constante de **Jessica Sarah Rinland**, artista multidisciplinar protagonista da sección Púlsar. O carácter híbrido de figuras como a de Rinland déixase ver tamén na **Sección Oficial**, onde moitos dos filmes presentes buscan os seus novos camiños na intersección con outras artes. En total, os apartados Radar e Explora suman 47 filmes de 22 países diferentes, nos que se recollen algunhas das últimas tendencias no cinema mundial: a etnografía experimental (tamén moi presente na sección Penínsulas), as hibridacións entre documental e ficción, os retratos da xuventude, a experimentación con novas tecnoloxías da imaxe ou as reapropiacións. As proxeccións da sección oficial traerán a Compostela a cineastas do prestixio de Helga Fanderl, Tinne Zenner ou Tova Mozard. Sumadas ás outras seccións competitivas -Penínsulas e Planeta GZ-, **Curtocircuíto 2018 terá un total de 64 filmes a competición**, dos cales 31 son estreos en España.

Reivindicando o propio

A atención ás novas tendencias internacionais ten en Curtocircuíto 2018 o seu necesario balance coa posta en valor do cinema galego e a identidade da cidade. Deste xeito, ademais da sección competitiva Planeta GZ, o festival suma tres seccións novas centradas na produción cinematográfica que nos toca máis de preto: Curmaos, Terra e Supernova. **Curmaos**, organizada en colaboración co Instituto Camões, recolle filmes da lusofonía, pero as outras dúas novidades achéganse aínda máis a Galicia. **Terra** está adicada a cineastas cunha traxectoria consolidada e céntrase nesta primeira edición en Xacio Baño e Jaione Camborda, mentres **Supernova** busca salvar a brecha entre centros de formación e circuitos profesionais coa

proxección de 13 filmes dunha nova xeración de cineastas, maioritariamente directoras. Ademais destas seccións, Curtocircuíto presenta tamén nesta edición as **Mesas Interxeracionais do Audiovisual Galego**, un conxunto de relatorios e debates - organizados en colaboración coa Academia Galega do Audiovisual - nos que, por primeira vez, participarán representantes das catro xeracións en activo do noso audiovisual, nados entre os anos 50 e os 90.

Se o cinema galego protagoniza varios dos contidos desta 15ª edición, hai dúas das propostas de Curtocircuíto que teñen unha mirada aínda máis local, cun carácter marcadamente picheleiro. A primeira delas será a **Carta branca a Ezequiel Méndez**, fundador nos anos sesenta do Cine-Club Universitario que achegou a Compostela a vangarda cinematográfica do momento e funcionou como foco de pensamento crítico antifranquista. Nesta sesión, organizada en colaboración co **Cineclube de Compostela** actual, proxectaranse dúas obras con visións contrapostas da cidade naquela época coa vontade de poñer en valor a memoria cinéfila de Santiago. A segunda proposta representa o espírito deste 15º aniversario, ao tratarse da colaboración entre un cineasta galego de vangarda e un dos grupos máis populares de Galicia: Curtocircuíto acollerá a estrea de **O espírito de Pucho Boedo, filme no que Lois Patiño rexistra á banda compostelá Novedades Carminha** gravando a súa versión de "A Santiago voy", o clásico de Los Tamara. En ambas as dúas sesións os protagonistas estarán presentes para presentar os filmes e debater co público, que poderá acceder de balde previa retirada de convite.

Novedades Carminha estarán presentes tamén no festival realizando unha serie de accións de rúa para presentar a súa adaptación dese himno compostelano, achegando a celebración á cidade. A mesma vontade ten a **Festa do 15º aniversario**, que terá lugar na Sala Malatesta o venres 5 de outubro. Nela compaxínanse tamén o carácter lúdico e festivo coa experimentación, ao contar cunha actuación especial de **Baiuca**. Este proxecto, que integra ritmos e instrumentación da tradición galega na música electrónica, contará na festa coas proxeccións do cineasta **Adrián Canoura**, que manipulará imaxes **cedidas polo arquivo do Centro Galego de Artes da Imaxe**. Na propia festa participarán tamén os artistas do selo Discos Príncipe **Dj Firmeza** e **Dj Nigga Fox**, que chegan a Curtocircuíto froito da colaboración coa axencia portuguesa **Filho Único**. Estes artistas comparten con Baiuca a integración da tradición - no seu caso a da África lusófona - na electrónica. O programa musical complétase co synth pop dos tailandeses **Sunset Rollercoaster**, a electrónica feita con piñas de **16pineapples**, o darksynth de **Nightcrawler**, a experimentación ruidista de **Narcoleptica** e o folclore reformulado de **Pr.mvla**.

Un xurado interdisciplinario

Curtocircuíto fai públicos hoxe tamén os seus xurados, que recollen o carácter interdisciplinario do festival. Deste xeito, hai por unha banda figuras relevantes do mundo da programación como **Jean Pierre Rehm**, director do FIDMarseille, e **Antonio Rodrigues**, membro da Cinemateca Portuguesa. Tamén cineastas como Jessica Sarah Rinland, que compón cos anteriores o xurado Explora, e **Kikol Grau**, que forma o xurado Radar coa sonidista Amanda Villavieja e o investigador e escritor **Aarón Rodríguez Serrano**. O xurado que valorará os filmes de Planeta GZ e Penínsulas, pola súa banda, será se cabe máis diverso e estará composto polo actor Antonio Durán 'Morris', a investigadora e documentalista **Keina Espiñeira** e a artista e deseñadora **Sara Coleman**. De entre eles, ademais da sección Púlsar adicada a Rinland, Kikol Grau protagonizará unha sesión especial adicada ao seu traballo como compilador e axitador, con seleccións dos filmes Histeria de España e Histeria de Cataluña.

Actividades e formación para atender a todos os públicos

O resto do programa de Curtocircuíto completa a proposta tentando achegar o espírito explorador e interdisciplinar a ámbitos e públicos diversos. Por exemplo, afóndase na relación do cinema e a música coa colaboración de Lois Patiño e Novedades Carminha e coa proxección de **HELLO HELLO HELLO : LEE RANALDO : ELECTRIC TRIM**, filme de Fred Riedel sobre o proceso de traballo do guitarrista de Sonic Youth.

Esta película intégrase en **Arredor do Son**, o conxunto de actividades que poñen en valor o son como medio de expresión artística e cinematográfica fronte á hexemonía da imaxe. Conferencias, obradoiros, seminarios, performances e instalacións a cargo de figuras como os artistas **Martin Messier** (que protagonizará a inauguración do festival) e **Jacob Kirkegaard**, os sonidistas **Charly Schmukler** e **Amanda Villavieja** ou o proxecto **Playtronica**. A participación destes últimos inclúe o obradoiro infantil Veggie Jam, que se integra na atención desta edición de Curtocircuíto ao público familiar, **coa estrea da sección famZINE** e a creación do **departamento pedagóxico** do festival, que coordina todo o programa formativo: a sección para colexios **Criaturas** e a destinada a institutos Teenage Riot, a colaboración coa Universidade **#OutraCompostela**, a actividade **Canteiras** ou o curso de formación para profesorado sobre **Narrativa e Linguaxe Cinematográfica**, organizado en colaboración coa ECAM - Escola de Cinema e Audiovisual de Madrid.

Patrocinadores e colaboradores

Curtocircuíto é unha iniciativa do **Concello de Santiago de Compostela**, co apoio da **Deputación da Coruña** e da **AGADIC**. Tamén conta coa colaboración de **Obra Social Abanca**, a **Santiago de Compostela Film Commission**, a **Área de Cultura da USC**, o **Instituto Camões**, o **Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI)**, a **Academia Galega do Audiovisual (AGA)**, a **Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización (CREA)**, a **Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG)**, a **Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)**, o **Cluster Audiovisual Galego (CLAG)**, a **Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI)**, a **Escuela de Cinematografía y del Audiovisual de la Comunidad de Madrid (ECAM)**, **Radio Televisión Española (RTVE)**, **CAMIRA**, **Gadis**, **Cafés Candelas**, **Martín Códax**, **Bodegas Lodeiros**, **Hyupersa Santiago**, **Cabreiroá**, **RC Service** e **La Melona**.

Para levar a cabo un proxecto desta envergadura, resulta tamén esencial o apoio de entidades de dinamización cultural da cidade de Santiago de Compostela que nos fan contar con sedes como o **Teatro Principal**, o **Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)**, **NUMAX**, o **Museo das Peregrinacións**, a **Sala Capitol**, a **Sala Malatesta**, a **Sala Sónar** ou **El Corzo**.

A maiores, tamén é fundamental para Curtocircuíto o apoio dos medios colaboradores **RTVE**, **Radio3**, **Corporación de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG)**, **El Correo Gallego**, **A Cuarta Pared**, **Caimán Cuadernos de Cine e Luzes**. Por último, contamos tamén coa axuda de diversos establecementos da cidade nos servizos de aloxamento, comidas e fabricación do merchandising. Son o **Hotel Costa Vella**, o **Hotel Moure**, o **Hotel Altair**. Como en **Casa Aloxamentos Turísticos**, **Hotel y Albergue La Salle**, **Restaurante A Tulla**, **Restaurante Petiscos**, **A Tafona do Peregrino**, **Restaurante María Castaña**, **La Flor**, **Café Bar El Muelle**, **Rúa Bella**, **Pepe Payá**, **Confitería San Roque** y **Las Colonias** e **Do Paraná Espazo Serigráfico**.

Curtocircuíto 2018 en cifras:

Total de películas que se proxectarán: 158

Películas a competición: 64

Radar: 20
Explora: 27
Planeta GZ: 10
Penínsulas: 7

Películas fóra de competición: 94

Focos: 59

Retrospectiva Ulrich Seidl: 11

Retrospectiva Roberto Minervini: 4
Retrospectiva Bertrand Mandico: 20
Púlsar Jessica Sarah Rinland: 15
Terra - Xacio Baño: 6
Terra - Jaione Camborda: 3

Familiar/xuvenil: 14

famZINE: 6

Teenage Riot: 4
Criaturas: 4

Outras sesións: 21

Carta branca a Ezequiel Méndez: 2

Supernova: 13

Curmaos: 4

Sesións especiais: 2

Outros datos:

O festival acada un total dun **40% de directoras** na súa programación.

Supernova, sección na que cineastas emerxentes son protagonistas, amosa unha **tendencia á alza no volume de traballos de creadoras producidos, recibidos e seleccionados** entre as novas xeracións. A sección está composta por 7 directoras e 4 directores.

Estreas en competición: 31 (28 España, 1 Europa, 2 mundial) + 11 estreas galegas

Total de películas inscritas: 2.450

Idade media de realizadores e realizadoras que inscriben os seus filmes: 25 - 45

TOP 10 países de procedencia das películas inscritas:

1. Francia
2. España
3. Brasil
4. Taiwán
5. Alemaña
6. EE.UU.
7. Rusia
8. Italia
9. Reino Unido
10. Portugal

CURTOCIRCUÍTO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE

Comunicación | Andrea Villa Feijóo
(+34) 667 683 551
comunicacion@curtocircuito.org

Prensa estatal | Julia Sánchez
(+34) 620 063 353
press@curtocircuito.org

www.curtocircuito.org